


ANDAINA “FISTERRA DENDE O AIRE”

Concello de Fisterra



25-05-2019

➤ **NORMAS DE PARTICIPACIÓN**

Estas normas son de obligada lectura e cumprimento para todos os participantes. A persoa asume con responsabilidade ao inscribirse a aceptación destas normas.

A organización gardátese o dereito de non admitir a aquelas persoas que inscribíndose non acepten ou cumpran esta normativa ou que provoquen calquera altercado que poida incidir negativamente no desenvolvemento da actividade e na convivencia e integridade do resto dos participantes.

➤ **SOBRE MATERIAIS INDIVIDUAIS**

1. É obrigatorio levar o seguinte material individual:

- Unha mochila con comida (petisco, froita, chocolate, froitos secos,...)
- Bebida: mínimo medio litro de auga
- Roupa axeitada para realizar a actividade e adecuada ás condicións meteorolóxicas
- Bota de montaña ou calzado adecuado para Sendeirismo en bo estado
- Crema solar e lentes de sol, viseira, gorro, chapeu ou pano para protexer a cabeza (para días de sol)
- Medicación persoal que o participante necesite habitualmente
- Bastóns de trekking (non son obrigacións pero si moi recomendables).

➤ **SOBRE OS PARTICIPANTES**

2. O participante ten a obrigación de informar sobre o seu estado físico, e calquera enfermidade ou defecto físico que lle dificulte desenvolver a actividade de maneira normal: problemas en cadeira, xeonllos, paraplexías ou similares así como enfermidades cardiovasculares ou doutro tipo débense comunicar ao organizador antes de iniciar calquera ruta.
3. Durante a actividade respectaranse en todo momento as indicacións da organización en materia de seguridade e desenvolvemento do itinerario podendo sufrir variacións a criterio do guía por outros factores como puidesen ser meteorolóxicos, físico dos participantes ou de seguridade. As rutas ou datas programadas poderán ser modificadas con posterioridade á programación prevista, ante circunstancias sobrevindas alleas á entidade organizadora.
4. Evitarase coller plantas, que nalgúns casos serán especies protexidas, autóctonas ou propiedade privada. Tampouco se deixarán lixos nin residuos. Será responsabilidade de cada participante levarlos consigo da mesma que os trouxo ou o depositalos nunha papeleira.
5. A organización resérvase o dereito de admisión para persoas que non cumpran a normativa establecida.
6. Non se admitirá o acceso ao autocar ás persoas que non aparezan na listaxe de inscrición e que non fosen confirmadas pola organización

➤ **SOBRE A ORGANIZACIÓN**

7. A Programación de Andainas Coñece a Costa da Morte está suxeita ás condicións do medio en que se desenvolven e das persoas que participan, polo que poden sufrir cambios antes ou mesmo durante a actividade (meteoroloxía, cambios de condicións ambientais, problemas físicos dos participantes, etc).
8. Todos os participantes inscritos nunha andaina estarán cubertos por unha póliza de accidentes.
9. Cada concello porá á disposición dos participantes un autobús para os desprazamentos aos puntos de saída, sempre e cando haxa un número mínimo de 15 inscritos.
10. Os participantes que se trasladen pola súa conta ata o punto de encontro ou de saída farano baixo a súa responsabilidade.

➤ **SOBRE AS INSCRICIÓN**

11. O período de inscrición para cada unha das andainas estará aberto dende o sábado previo á data de celebración da andaina, ata o xoves previo ás 13 horas. Unha vez pechadas as inscricións o concello organizador enviará a listaxe de inscritos á compañía onde ten contratada a póliza de accidentes e non se admitirán máis inscricións.
12. Considéranse participantes das andainas todas as persoas que aparecen no listado de inscritos. As persoas que non aparezan en dito listado non estarán cubertas pola póliza de accidentes e a organización non será responsable do que lles poidasuceder.
13. A organización poderá impedir a práctica da actividade a aquelas persoas que por circunstancias particulares lles poida resultar perigosa ou lesiva.

INFORMACIÓN

- **Data:** 25 de maio de 2019
- **Lugar de saída:** Sardiñeiro de Abaixo Coordenadas: 42°56'37"/9°13'33"
- **Hora de presentación:** 9:45h
- **Hora de saída:** 10:00h
- **Roteiro:** lineal
- **Dificultade:** Media-alta
- **Distancia:** 12,5 Km
- **Hora prevista chegada ao porto de Fisterra:** 14:00h Coordenadas: 42°54'22"/9°15'43"

Andaina lineal que transcorre na súa 1º etapa polo monte, continúa pola zona de Mallas e recorre o paseo marítimo da Langosteira para rematar no porto de Fisterra.

